

NATURALIZACIÓN DE PRADARÍAS E NOIROS

Nesta zona reduciuse a frecuencia de segas e rega para facilitar a floración de plantas silvestres e beneficiar ás bolboretas e outros insectos, incrementando o número de especies herbáceas e fauna.

Isto implica o aumento do valor ecolóxico, un uso máis eficiente dos recursos, menor consumo de auga, non emprega produtos químicos, e reduce o persoal, polo que se manteñen máis e mellor zonas verdes.

**MANTEMENTO ECOLÓXICO
PARA FAVORECER A
BIODIVERSIDADE**

 @CompostelaVerde

compostelaverde.santiagodecompostela.gal

CONSERVAR MADEIRA MORTA E SECA

Unha árbore seca pode deixarse en pé cando non supoña risco, sendo un lugar de alimentación para aves insectívoras. Algunhas especies, como o peto verde ou o peto real, aniñan nestas árbores secas.

Insectos como a vacaloura crían na madeira en descomposición, que tamén é un hábitat para fungos, musgos e invertebrados. Todos participan na reciclaxe dos nutrientes e son alimento para ourizos e paxaros.

**MANTEMENTO ECOLÓXICO
PARA FAVORECER A
BIODIVERSIDADE**

 @CompostelaVerde

compostelaverde.santiagodecompostela.gal

DEIXAR ZONAS CON FOLLA COMO REFUXIO

As zonas con folla sen recoller, ademais de mellorar a paisaxe e identificar o lugar coa estación do ano, proporcionan un refuxio para que a fauna invertebrada medre, que son a base da cadea alimentaria, clave para animais insectívoros.

Mellora o solo ao reciclarse a materia orgánica e aumentar a permeabilidade e aireación, importante para que as raíces das árbores respiren, e consigan osíxeno, auga e nutrientes.

**MANTEMENTO ECOLÓXICO
PARA FAVORECER A
BIODIVERSIDADE**

 @CompostelaVerde

compostelaverde.santiagodecompostela.gal

XESTIÓN DA AUGA DA REGA

Nesta zona reducíronse as frecuencia da rega, polo que as plantas empregan mecanismos de defensa ante a seca e altas temperaturas, manténdose vivas con achegas baixas de auga.

Esta medida, xunto coa instalación de rega automática que recibe datos meteorolóxicos, fai posible que se gaste a cantidade xusta de auga. Isto reduciu o consumo nun 56% respecto ao 2013, cun aforro de 160.000 m³ de auga anuais.

**MANTEMENTO ECOLÓXICO
PARA FAVORECER A
BIODIVERSIDADE**

 @CompostelaVerde

compostelaverde.santiagodecompostela.gal